

ES NENA, ES NENO...

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións de clase

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

0 ES NENA, ES NENO...

Obxectivo: Introducir ó alumnado na identificación de elementos e patróns de conducta en función do sexo.

Descrición: Utilizaremos a imaxe incompleta da portada para identificar os conceptos previos do alumnado en relación coa desigualdade por razón de sexo.

Orientacións: Introdúcese o tema a través dunha actividade individual que dará lugar a outra de reflexión grupal, para poñer en común o tipo de asociación realizada e o motivo que a suxeriu. Os alumnos e alumnas completarán os debuxos da portada e poranlle nome ás imaxes, explicando qué fan e por qué. No traballo de grupo, poderemos contrastar as ditas percepcións, así como o nivel de coincidencia ou diverxencia das asociacións.

1 IMOS CONTAR MENTIRAS

Obxectivo: Reflexionar sobre refráns ou expresións lingüísticas que non favorecen a igualdade entre homes e mulleres.

Descrición: Mediante a lectura de refráns e expresións lingüísticas, queremos que o alumnado reflexione sobre afirmacións sexistas que se utilizan habitualmente.

Orientacións: Pódese propoñer a busca e posterior utilización de palabras ou expresións que non denoten discriminación por razón de xénero.

2 ¿QUEN FAI QUE?

Obxectivo: Reflexionar sobre a desigualdade debida ó xénero nun contorno próximo como é o familiar.

Descrición: A partir da presentación dunha serie de tarefas cotiás pediráselle ó alumnado que especifique quen leva a cabo a dita tarefa no seu fogar. As cuestións permitirán poñer en común e reflexionar sobre o reparto equitativo ou desigual na realización das tarefas domésticas.

Orientacións: A actividade permite evidenciar a situación do alumnado e propoñer, se fose necesario, novos patróns de conducta.

3 IMOS FACER REGALOS

Obxectivo: Evidenciar que en moitas das nosas accións, como por exemplo facer regalos, hai algúns prexuízos.

Descrición: A partir dos debuxos, o alumnado ten que pensar qué obxectos regalarían a quen (pai, nai, irmáns, irmás, amigos e amigas, compañeiros e compañeiras de clase, etc.). Acabarase comentando en grupo a quen se lle asignou cada regalo e por qué.

Orientacións: O reparto de regalos permitiranos reflexionar sobre o feito de que en moitas ocasións adxudicamos obxectos segundo o sexo da persoa.

4 AS PROFESIÓNS

Obxectivos: Evidenciar que, na maioría das ocasións, a profesión está intimamente ligada ó xénero. Comprender que todas as persoas, independentemente do sexo, poden desenvolver calquera profesión. Comprender que o traballo doméstico é unha tarefa profesional non remunerada.

Descrición: Introduciremos a actividade a partir de cuestións sobre a profesión dos seus familiares. Despois, en función das imaxes, proporémoslle ó alumnado que pinte as tres profesións que máis lles gusten e que expliquen por qué.

Orientacións: Proponse unha actividade que parte do contorno máis próximo e desemboca nas ilusións futuras do alumnado para exercer unha determinada profesión. Seguramente os nenos e nenas coñecen as profesións dos seus familiares. Se non é así, a actividade permitirá que lles pregunten e que os adultos lles expliquen en qué consiste o seu traballo. Podemos apuntar no taboleiro as distintas profesións. Pode que se evi-

dencie a existencia de perfís masculinos e femininos dentro do mundo laboral. Non obstante, é importante transmitir a idea de que estes perfís poden ser superados, xa que o desenvolvemento dunha profesión pasa pola motivación persoal e por unha boa preparación. A continuación os alumnos dirán que queren ser de maiores e de todas as profesións debuxadas elixirán as que lles gustan máis. Aquí debemos facer fincapié en que elixan verdadeiramente aquelas profesións que lles gustan e que non o fagan por cuestión de sexo.

5 ¿A QUE XOGAMOS?

Obxectivo: Observar se hai ou non diferencias entre os xogos dos nenos e das nenas e, en caso positivo, reflexionar sobre os motivos.

Descrición: O alumnado realizará unha investigación (aconséllase que dure unha semana) que consistirá en observar os compañeiros e compañeiras de clase nos momentos de xogo e apuntar a qué xogan os nenos e a qué xogan as nenas. O traballo en grupo permitirá poñer en común e contrastar os resultados obtidos.

6 MENSAXE DE LORNA

Obxectivo: Achegarse a unha realidade diferente.

Descrición: Simulamos a recepción dun e-mail de Lorna, unha nena que ten a idade do alumnado. Así introducimos o tema nun contexto diferente do noso.

Orientacións: Habemos de procurar que o noso alumnado universalice e comprenda que os dereitos humanos poden incumprirse en calquera contexto.

7 EU TEÑO DEREITOS, TI TES DEREITOS

Obxectivo: Reflexionar sobre a igualdade de dereitos das persoas, independentemente do sexo.

Descrición: Presentamos un xogo de relación e identificación entre debuxos e conceptos abstractos como educación, alimentación, ocio, sanidade e felicidade. Queremos espertar a idea de que as persoas temos os mesmos dereitos, independentemente do sexo ou lugar de nacemento, e que estes se deben respectar.

Orientacións: Insítese na idea anterior. A actividade pode ser completada coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos ou coa Declaración dos Dereitos do Neno.

8 MENSAXE PARA LORNA

Obxectivos: Sintetizar o traballo realizado neste monográfico.
Potenciar actitudes críticas fronte a situacións de desigualdade a causa do xénero.

Descrición: A partir da interpelación que nos fai Lorna, elaboramos unha mensaxe de resposta colectiva. Pódese pedir que pensen nas posibilidades de difusión desta mensaxe: a toda a escola, á familia, á prensa local, etc.

Orientacións: A actividade permite iniciar ó alumnado en actuacións coherentes e críticas fronte a situacións de desigualdade debidas ó xénero. A mensaxe elabórase colectivamente a partir das ideas que saíron no debate. Finalmente, trátase de potenciar a necesidade e o interese por dar a coñecer o que descubriron e esixirilles ás persoas adultas solucións fronte a situacións de desigualdade de oportunidades.

GLOSARIO

XÉNERO/SEXO, TOMADO EN SENTIDO SOCIOLÓXICO

Concepto que fai referencia ás diferencias sociais (por oposición ás biolóxicas) entre homes e mulleres que foron aprendidas, cambian co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.

IGUALDADE ENTRE OS SEXOS



Situación en que todos os seres humanos son libres de desenvolver as súas capacidades persoais e de tomar decisións, sen as limitacións impostas polos roles tradicionais, e na que se teñen en conta, valoran e potencian por igual as distintas conductas, aspiracións e necesidades de homes e mulleres.

SISTEMA DE XÉNEROS

Conxunto de estruturas socioeconómicas e políticas que mantén e perpetúa os roles tradicionais masculino e feminino, así como o clasicamente atribuído a homes e a mulleres.

1° Ciclo de Primaria

ES NENA, ES NENO...



IMOS CONTAR MENTIRAS

Isto é cousa de nenas.

A cor rosa é para as nenas e a azul para os nenos.

Os nenos non choran.

¿Coñeces outras frases parecidas? Escríbeas.

¿Que cres que queren dicir?

¿Estás de acordo con elas?



2 ¿QUEN FAI QUE?

Escribe quen na túa casa

fai a comida

conta contos

pon a mesa

pasa o ferro

colga un cadro




cambia unha bombilla

¿Paréceche que as tarefas da casa están ben repartidas?

¿Hai algún membro da familia que non participe nas tarefas domésticas?

¿Por que?

3 IMOS FACER REGALOS



4


AS PROFESIÓN

¿Cal é a profesión do teu pai?

¿E a da túa nai?

E ti, ¿que queres ser cando sexas maior?

Numera estas profesións do 1 ó 3, indicando cun 1 a que máis che gusta e cun 3 a que menos.



5

¿A QUE XOGAMOS?

Mira os teus compañeiros e compañeiras. ¿A que xogan?

Os nenos xogan a

As nenas xogan a

6

MENSAXE DE LORNA

Chámome Lorna e vivo en Quenia. Somos tres irmáns, dous rapaces e mais eu. Os meus pais non nos poden pagar a escola ós tres e decidiron que eu deixe de estudar. Os meus irmáns poderán seguir o curso e aprenderán moitas cousas. A miña grande ilusión é ser doutora para poder curar a tódalas persoas, pero se non estudio, nunca o poderei chegar a ser. Se algún día teño fillos, quero que todos, os nenos e as nenas, poidan ir á escola.

¿Que pensades sobre o que nos conta Lorna?
¿É xusto que teña que deixar a escola?



7

EU TEÑO DEREITOS, TI TÉS DEREITOS

Todos temos os mesmos dereitos. Sexamos nenos ou nenas, temos dereito a...



En todo o mundo hai moitas nenas como Lorna que non teñen as mesmas oportunidades polo simple feito de ser mulleres. ¿Que pensades sobre isto? Escribide unha mensaxe a Lorna explicándolle todo o que podemos facer desde aquí para intentar cambiar esta situación.

